

José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela (Lugo).

FAGO SABER:

Que dende as autoridades sanitarias trasládannos datos da situación actual de transmisión do COVID-19. Está demostrado que a maior fonte de contaxios son as reunións familiares e veciñais. Tendo en conta que a partires destas datas comeza o PERÍODO DE MATANZAS e que tradicionalmente se realizan coa axuda de familiares, veciños e amizades, advírtese de que poden ser un foco de transmisión importante se non se respectan estritamente as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias.

Compre recordar que segundo o DECRETO 182/2020, do 13 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria e para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2, **as reunións de persoas NON CONVIVINTES están limitadas a 6 persoas.**

Dende as autoridades sanitarias trasládannos tamén que se deu orde ás forzas e corpos de seguridade do estado para que velen polo cumprimento das medidas adoptadas, advertindo das posibles sancións que conlevaría o seu incumprimento. Segundo a recentemente modificada Lei 8/2020 de Saúde de Galicia, as sancións poden ser de 601,01€ e 601.012,11€.

Por todo o anterior, fago un chamamento a toda a poboación de Concello de Paradela para que actúen con responsabilidade á hora de organizar as matanzas seguindo estas recomendacións:

- **Utilizar mascarillas en todo momento durante a realización das labores propias da matanza.**
- **Ventilar adecuadamente os lugares de traballo.**
- **Lavar e desinfectar as mans frecuentemente con auga e xabón ou xel hidroalcohólico.**
- **Evitar as comidas/ceas e sobremesas posteriores as labores de matanza.**

O que se fai público para xeral coñecemento en Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O Alcalde

Concello de Paradela

